

# ACCESO Á FUNCIÓN PÚBLICA DOCENTE ATA 2024

COEXISTIRÁN ESTES 3 PROCESOS DE LIBRE CONCORRENCIA

non restrictivos [cada persoa pode optar ao acceso que queira]

Aspectos relevantes:

- » Téñense que aprobar as OPEs antes do 1 xuño 2022, separadas ou xuntas as prazas de reposición.
- » Téñense que publicar as convocatorias antes do 31 de decembro do 2022 -iso inclúe planificar a cegas en algúns casos -.
- » Deben concluir os procesos selectivos antes do 31 decembro do 2024. Acórtanse 3 meses as prácticas.
- » Os empates -pode haber moitos- solucionaranse aplicando o art. 26 do RD 276/2007.



## TIPOS DE PRAZAS

### ESTABILIZACIÓN

#### RD 270/2022 (NOVO RD DE ACCESO EXTRAORDINARIO)

Real Decreto 270/2022, do 12 de abril, polo que se modifica o Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e regúlase o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, aprobado por Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro.

(PRAZAS 5 ANOS ANT. A 1-01-2016)

Prazas exclusivas para CONCURSO -transitoria 5ª- (sen oposición) máximo 15 pts. (D.A. 6ª e 8ª)

• **Experiencia docente previa:** máximo 7 puntos, terase en conta un máximo de 10 anos (=esp. =corpo).

• **Formación académica:** máximo 3 puntos. Expediente académico (ata 1.5 pts.), doutorado (1 pts.), outras titulacións (1 pts.), ERE

• **Outros méritos:** máximo 5 puntos, valórase con 2,5 puntos a superación da fase de oposición na mesma especialidade á que se opta, nun procedemento selectivo de ingreso nos corpos da función pública docente, ata un máximo de dous procedementos, nas convocatorias celebradas desde 2012 incluído. Cursos >10 créditos = 0.5 pts.

Dentro do apartado doutros méritos valorarase cun máximo de 2 puntos a formación permanente do aspirante, de acordo co subapartado 2.5 do Anexo IV do Regulamento.

Por unha soa vez. Sen fase de prácticas.

Lei 20/2021 -adicional 6ª e 8ª - TREBEP -art. 61.6 e 7-

Experiencia docente previa

Cada ano exper. diferentes especialidades igual corpo centros públicos: 0.350 pts  
Cada ano exper. diferentes especialidades outro corpo centros públicos: 0.125 pts  
Cada ano exper. especialidades igual nivel/etapa que o corpo outros centros: 0.100 pts

(PRAZAS 3 ANOS ANT. A 31-12-2020) Art. 2 lei/20/21

#### CONCURSO-OPOSICIÓN

##### 60% FASE DE OPOSICIÓN

- **PROBAS NON ELIMINATORIAS** pero hai que sacar un 5 para pasar ao concurso.
- Faranse públicas as cualificacións globais e de cada unha das partes.
- Cada unha das partes mín. 40%.

**PARTE A "tema" a elixir** - 25 = 3; 26-50 =4; >50 =5

**PARTE B.1 "exposición"**  
Defensa dunha unidade didáctica. 0 a 10.

**\*PARTE B.2 "práctico"**  
Só para especialidades que inclúan contdos de carácter aplicado, habilidades instrumentais ou técnicas. \*En FP, práctico en todas. 0 a 10.

##### 40% FASE DE CONCURSO BAREMO, máximo 10 puntos.

- **Experiencia docente previa:** "INTERINIDADES" máx. 7 pts con 10 anos 0.7 pts / ano = espec.
- **Formación académica:** - Máximo 2 pts Expediente académico (ata 1.5 pts.), doutorado (1 pts.), outras titulacións (1 pts.), ERE
- **Outros méritos:** - Máximo 1 pto 0.75 por oposición aprobada desde 2012 =esp. >10 créditos = 0.5 pts.

Dentro do apartado doutros méritos valorarase cun máximo de 1 punto a formación permanente do aspirante, de acordo co subapartado 2.5 do Anexo IV do Regulamento.

### REPOSICIÓN E NOVA CREACIÓN

DESENVOLVE O RD 276/2007 E NON O PROCESO EXTRAORDINARIO O 7 de abril asínase un ditame do Consello de Estado que se fai público o 12 de abril: que saca da vía extraordinaria as prazas de reposición e de nova creación, que irán a concurso-oposición co RD de acceso 276/2007 ordinario (con probas eliminatorias).

Reposición e nova creación

#### CONCURSO-OPOSICIÓN

En Secundaria, temas a escoller:  
- 25 = 2; 26-50 =3; >50 =4

##### 2/3 FASE DE OPOSICIÓN

NOTA DA FASE OPOSICIÓN:

- Media aritmética da primeira e segunda proba.
- Hai que obter como mínimo un 5 para pasar á fase concurso-**PROBAS ELIMINATORIAS-**

**1ª PROBA "escrita"** Nota de 0 a 10 en ambas • Mínimo 5 para 2ª proba  $(0,4 \times \text{Nota A}) + (0,6 \times \text{Nota B})$

**PARTE A "tema"**  
2 de 25 Mestres  
Tempo: 2h  
Mín. 2,5 pts

**PARTE B "práctica"**  
Tempo: 1h30'  
Mín. 2,5 pts

**2ª PROBA "encerrona"** Nota de 0 a 10. 1h máx. • Mínimo 5 para concurso

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA** (anexo III) 30' máx. oral  
Entrégase o día que se é citado/a. Persoal, individual, 60 folios (+portada), A4 a unha cara en Arial 12 -espazo sinxelo-. Inclúe as VDE: mínimo 12, mínimo 8 en Música, mínimo 10 en PT/AI

**UNIDADE DIDÁCTICA** Ata 1 h posterior á programación Elíxese 1 de 3 da programación ou do temario

##### 1/3 FASE DE CONCURSO

BAREMO, máximo 10 puntos. Para a valoración de méritos Non confundir co baremo das listas de interinos

- **Experiencia docente previa:** "interinidades" Máximo 5 pts. Computable prof. relixión
- **Formación académica:** "titulacións" Máximo. 5 pts. Inclúe expediente académico, posgraos, Enseñanzas en Réxime especial (ERE).
- **Outros méritos:** "cursos" Máximo 2 puntos (>=27 créditos) Form. permanente =esp Asistente 0,075/créd Ponente/coord 0,150 /créd \*Noutras espec. a metade

Experiencia docente previa

Esp. do corpo mestres en centros públicos / ano = 1 pto.  
Esp. diferente corpo en centros públicos / ano = 0,5 pts.  
Esp. de igual nivel / etapa noutros centros (privados) = 0,5 pts.  
Esp. de diferente nivel / etapa noutros centros (privados) = 0,25 pts

